



En cumprimento do disposto na base segunda da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 20 de novembro de 2017, pola que se aproban as bases do procedemento de concurso de traslados aberto e permanente para a provisión de prazas básicas de persoal estatutario do Sistema Público de Saúde de Galicia (DOG núm. 227, do 29 de novembro de 2017), esta Dirección como órgano convocante do proceso, ACORDA:

**Primeiro.-** Designar aos/ás seguintes profesionais como integrantes de Comisión de Valoración da capacidade funcional prevista na indicada base:

- **Dna. María José Montero Furelos**- Grupo Técnico da Función Administrativa. Subdirectora Xeral de Selección de Persoal. Dirección Xeral de Recursos Humanos.
- **Dna. María Isabel González García**- Facultativa especialista de área de Medicina do Traballo. S.X. de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde. Dirección Xeral de Saúde Pública.
- **Dna. Ana María Blanco Rodríguez**- Técnico Superior de Prevención de Riscos Laborais. Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais e Condicións de Traballo. Dirección Xeral de Recursos Humanos.

**Segundo.-** esta Comisión será asistida, nas funcións de secretaría, por **Dna. M<sup>a</sup> José Ríos Carro**, Xefa do Servizo de Selección Fixa e Provisión da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

**Terceiro.-** Os membros da Comisión debeán gardar sixilo, nos termos establecidos na lexislación vixente, sobre a información á que tivesen acceso na dita condición e deberán absterse de intervir no procedemento de avaliación no suposto de que neles concorra algunha causa de abstención e recusación previstas nos artigos 23 de 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, debendo comunicar a concorrencia de tal causa ante este órgano.

**Cuarto.-** Notifíquese a presente resolución aos/ás profesionais designados/as na forma prevista no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e publíquese na páxina web do organismo ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)), en cumprimento da base quinta da resolución de convocatoria, tal designación.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2023.

Ana María Álvarez Comesaña  
Directora Xeral de Recursos Humanos  
do Servizo Galego de Saúde